

# CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN NO FOGAR RELACIONADOS CO USO DE APARELLOS DE CALEFACCIÓN

Tódolos anos ca chegada do inverno producense graves intoxicacións por monóxido de carbono, provocadas por unha mala combustión nos equipos de calefacción e unha deficiente ventilación. Un bo programa de mantemento dos mesmos, e unha utilización responsable poden evitarnos sustos, e no peor dos casos a MORTE.

## A AMEAZA DO MONÓXIDO DE CARBONO

### CARACTERÍSTICAS:




- \* O MONÓXIDO DE CARBONO prodúcese por unha mala combustión e mala ventilación en aparellos que funcionan con queroseno, carbón, gas ou leña.
- \* Gas indetectable polos sentidos (incolore e inodoro), moi tóxico e inflamable/explosivo.
- \* É un gas un pouco menos pesado que o aire, por eso se difunde rápidamente por toda a vivenda.

### INDICIOS DE POSIBLE PRESENZA DE CO:

- \* Ferruxe nos queimadores e nas saídas de fumes.
- \* Potas ou tixolas ennegrecidas ao cocíñar.
- \* Chama de cor amarelo/laranxa nos queimadores do gas (debe ser azul).
- \* Manchas negras en paredes e teitos próximos ao equipo.
- \* Falecemento ou enfermidade inexplicable dalgún animal de compañía ou plantas de interior murchas.

### SÍNTOMAS NAS PERSOAS:

- \* Inicialmente: dor de cabeza, mareos, zumbido de oídos, cansancio, suor excesivo, náuseas e debilidade.
- \* Se os niveis do gas van en aumento: falla do alento, debilidade muscular extrema, convulsións, confusión mental, perda do coñecemento.....morte.



# CONSELLOS DE AUTOPROTECCIÓN NO FOGAR RELACIONADOS CO USO DE APARELLOS DE CALEFACCIÓN

## A AMEAZA DO MONÓXIDO DE CARBONO

### FORMA DE ACTUAR:

- \* Manteña a calma.
- \* Ventile inmediatamente a vivenda.
- \* Apague o equipo calefactor: a caldeira, a cociña, a estufa, o quentador, etc.
- \* Salga da estancia xunto con todos os ocupantes e non se deteña ata chegar a un lugar ben ventilado.
- \* Se é necesario, chame inmediatamente ao teléfono de emerxencias 112.



### ERRORES HABITUAIS:

- \* Falla de mantemento en caldeiras, estufas e cociñas por persoal técnico autorizado.
- \* Cubrir as rendixas de ventilación.
- \* Non ventilar axeitadamente a vivenda.
- \* Durmir nunha habitación sen ventilación cun aparello calefactor aceso.



ii E LEMBRE, MÁIS VALE PREVIR QUE LAMENTAR. Prepare a súa vivenda para a chegada da época invernal. Manteña en boas condicións os seus equipos de calefacción, e manteña unha boa ventilación no seu fogar !!

